

A importancia do elemento leonés nas falas de orixe galega do noroeste de Extremadura

Xosé-Henrique Costas González¹

Recibido: 7 de abril de 2021 / Aceptado: 24 de octubre de 2021

Resumo. Os autores que estudaron as falas de orixe galega do val do Ellas ou Xálama sempre describiron nelas unha relevante impronta leonesa, pois para os filólogos portugueses era leonés todo o que diferise do portugués, e para os filólogos españois era leonés todo o que non fose castelán. Imos tratar de verificar ata que punto son leonesismos exclusivos algúns trazos lingüísticos senlleiros destas falas. De 24 fenómenos descritos ata agora como leoneses pola maioría dos investigadores, só cinco resultan ser exclusivamente leoneses: dous sufixos nominais, un trazo fonético en valverdeiro, un trazo fonético en lagarteiro e un trazo morfolóxico en mañego e lagarteiro, co que deducimos que a importancia do elemento leonés nestas falas foi sobrevalorada.

Palabras chave: leonesismo, iberorromances occidentais, tipoloxía, dialectoloxía.

[fr] L'importance de l'élément lionnais dans les dialectes d'origine galicienne du nord-ouest de l'Estrémadure

Résumé. Les auteurs qui ont étudié les dialectes d'origine galicienne de la vallée de Ellas ou Xálama ont y décrit toujours une empreinte léonaise importante, car pour les philologues portugais, tout ce qui n'était pas portugais était léonais et pour les philologues espagnols c'était léonais tout ce qui n'était pas castillan. Essayons alors de vérifier dans quelle mesure certaines caractéristiques linguistiques uniques de ces mots sont des léonaisismes. Sur les 24 phénomènes décrits jusqu'à présent comme léonais par la plupart des chercheurs, seuls cinq se sont avérés être exclusivement léonais: deux suffixes nominaux, un trait phonétique chez valverdeiro, un trait phonétique chez lagarteiro et un trait morphologique chez mañego et lagarteiro. C'est pour ça que nous en déduisons que l'importance de l'élément léonais dans ces dialectes a été surévaluée.

Mots-clés: léonaisisme, iberorromances occidentaux, typologie, dialectologie.

[es] La importancia del elemento leonés en los dialectos de origen gallego del noroeste de Extremadura

Resumen. Los autores que han estudiado las hablas de origen gallego del valle del río Eljas o Jálama siempre han descrito en ellas una relevante impronta leonesa, porque para los filólogos portugueses era leonés todo lo que no fuese portugués y para los filólogos españoles era leonés todo lo que no fuera castellano. Intentemos verificar hasta qué punto son leonesismos algunos rasgos lingüísticos singulares de estas hablas. De los 24 fenómenos descritos hasta ahora como leoneses por la mayoría de investigadores, solo cinco resultaron ser exclusivamente leoneses: dos sufijos nominales, un rasgo fonético en valverdeiro, un rasgo fonético en lagarteiro y un rasgo morfológico en mañego y lagarteiro, con lo que deducimos que la importancia del elemento leonés en estas hablas ha sido sobrevalorada.

Palabras clave: leonesismo, iberorromances occidentales, tipología, dialectología.

Sumario. 1. Limiar. 2. A relevancia dos leonesismos nos diferentes filólogos e lingüistas. 3. Leonesismos e supostos leonesismos fonéticos e prosódicos. 3.1. Entoación. 3.2. Vocalismo: sistemas tónico, átono e átono final. 3.2.1. Os ditongos decrecentes: entre a conservación e a monotongación. 3.3. Leonesismos e supostos leonesismos no consonantismo. 3.3.1. Conservación e enxordecemento de fonemas sibilantes sonoros. 3.3.2. A desaparición do -z /-θ/. 3.3.3. A presenza do alófono [x]. 3.3.4. A evolución de -sy- en lagarteiro. 3.3.5. Resultados de n- e l- iniciais latinos. 3.3.6. A desaparición do -d- intervocálico. 3.3.7. A alternancia -l/-r en posición implosiva. 3.3.8. A conservación do grupo consonántico -MB-. 3.3.9. A evolución en -ir- [jɾ] dos grupos latinos -TR- e -DR-. 4. O ronsel leonés na morfosintaxe das falas do Ellas. 4.1. Os pronomes. 4.1.1. Os posesivos femininos *tu(s)* e *su(s)* en lagarteiro. 4.1.2. O posesivo *de mei*. 4.1.3. O alomorfo pronominal *lo(s)/la(s)* en lagarteiro. 4.2. Estremeñismos e leonesismos no verbo valego. 4.2.1. Verbo *dir* [di]. 4.2.2. SNP *-orin* das P6 do PP da CI en mañego e lagarteiro. 4.2.3. SNP *-imus* das P4 do PP da CI en valverdeiro. 4.3. Suposta éncise pronominal de orixe leonesa. 5. Leonesismos e estremeñismos léxicos: fósiles ou empréstimos? 5.1. Sufixo *-ina/-ino*. 5.2. Terminación con iode *-cia/-cio*. 5.3. Algunhas voces leonesas. 6. Ramo: a importancia da achega leonesa nas falas do val do río Ellas. Bibliografía.

Cómo citar: Costas González, X. H. (2021). A importancia do elemento leonés nas falas de orixe galega do noroeste de Extremadura, en *Revista de Filología Románica* 38, 105-120.

¹ Depto. de Filoloxía Galega e Latina
Universidade de Vigo
xcostas@uvigo.gal

1. Limiar

En tres concellos do noroeste de Cáceres, Valverdi do Fresno, As Ellas e San Martiño de Trebello, lindantes polo norte con Salamanca e polo leste e o sur con Portugal, o 90% dos seus 4.500 habitantes falan tres variedades lingüísticas de orixe galega denominadas respectivamente valverdeiro, lagarteiro e mañego polos seus usuarios, nomeadas conxuntamente como “A nosa Fala” polo pobo e como “valego” ou “xalimego” pola literatura científica.



Mapa 1. Situación xeográfica do Val do Ellas ou de Xálisma no NW de Estremadura [elaboración propia].

Nas enquisas de usos e actitudes lingüísticas feitas ata agora neste pequeno territorio (Martín Galindo 1993; Sónora *et alii* 1996; Ramallo 2011; Costas 1992, 1999, 2000 e 2011; Manso 2016) cando lles preguntaban aos falantes sobre o que pensaban que falaban, sempre había unhas porcentaxes relevantes que respondían “leonés”, “asturleonés”, “mestura de portugués e castelán con leonés antigo” ou similar². A presenza constante de respostas “leonés” ou (algo)“con leonés” abalou sempre entre o 7% e o 22%. Algúns enquisados explicaban que sempre lles dixeran na escola e ouíran/leran na prensa e na TV que foran “uns reis de León” os que trouxeran “a Fala” a estas terras do val do Ellas e —xa que logo— o que eles falaban sería de orixe leonesa ou tería un forte compoñente leonés, xa que foran os reis de León os que instalaran colonos neste val no século XIII.

Efectivamente, temos constancia de que polo menos desde 1991 tanto xornais coma revistas, suplementos dominicais, programas de TV ou líderes políticos cualificaban tipoloxicamente estas falas para o gran público como “mozárabe”, “castellano antiguo”, “leonés antiguo”, “variedad del judeo-español fosilizada”, “mezcla fronteriza de portugués, castellano y leonés antiguo”. Sobre todo as revistas e reportaxes turísticas e de viaxes, que sempre buscaban etiquetas impactantes como reclamo de aventura, viaxe ao pasado, exotismo, etc. Iso foi o que percibiu o gran público durante os últimos 30 anos.

Do mesmo xeito, as autoridades estremeñas cualificaban estas variedades como unha amálgama de diversas procedencias lingüísticas. Así, o 28/10/2000 o Parlamento aprobou a declaración de “A Fala” (*sic*) como *Bien de interés cultural*, especificando que “A Fala” era o conxunto das variedades locais denominadas valverdeiro, lagarteiro e mañego. Esta declaración derivou o 20 de marzo de 2001 nun Decreto³ polo que se proclamaba A Fala *Bien de interés cultural*. Na declaración do parlamento dicíase —entre outras cousas— que:

Hace falta seguir insistiendo, sin apasionamientos apriorísticos alejados de toda discusión científica, en sus orígenes y en el diverso acarreo cultural que condujo a la actual situación (la *influencia gallega medieval*, la astur-leonesa, la del portugués dialectal convecino y la del castellano).

Mais na redacción final do Decreto desapareceu o glotónimo “gallega” e só apareceu nesa paréntese:“(la *influencia medieval*, la astur-leonesa, la del portugués dialectal convecino y la del castellano)”. Para o goberno estremeño

² Martín Galindo (1993: 133) preguntou de maneira pechada se consideraban que A Fala era un dialecto portugués, un dialecto castelán ou unha lingua propia, sen máis opcións.

³ Decreto 45/2001, de 20 de marzo, publicado no BOE nº 48, de 24 de abril de 2001, p. 15035.

para explicar “A Fala” só caben tres glotónimos: asturleonés, portugués e castelán. Deste xeito indicaban oficialmente que o valego tería unha orixe asturleonese matizada polo contacto co portugués e o castelán.

Entre os diversos autores que se teñen ocupado destas falas ten habido opinións de todo tipo, pero na actualidade semella haber un consenso maioritario en definilas como falas galego-portuguesas, mais sempre “con leonesismos”, ou sobranceando sempre por algures os autores a presenza nelas de relevantes trazos leoneses⁴. Esta opinión da presenza rechamante de leonismos repetiuse en cadea acriticamente duns autores a outros desde Menéndez Pidal ata a actualidade; porén, boa parte do medio centenar de autores que investigaron tanxencial ou directamente sobre estas falas nunca ofreceron exemplos deses tan sobranceiros leonesismos, e outros moitos incluíron nesa relación de leonesismos trazos do castelán dialectal estremeño e fenómenos comúns con falas galego-portuguesas que poderíamos catalogar en conxunto como “ibero-occidentalismos”.

Boa parte dos autores españois que se ocuparon destas falas tomaron como leonesismos fenómenos que simplemente diferían do castelán común, mais que existían dialectalmente nas falas castelás de Salamanca e de Cáceres de orixe histórica leonesa e nas que aínda está(ba)n presentes algúns trazos característicos do xa desaparecido leonés meridional.

Entre os investigadores que se ocuparon destas falas destacan os catedráticos Gargallo Gil (1999: 19), para quen estas falas “descansan sustancialmente en una base constitutiva de tipo gallego-portugués” e o seu grao de inferencia do castelán dificulta a súa consideración como dialecto portugués; e mais Carrasco González, para quen estas falas son

un dialecto que ha evolucionado autónomamente a partir del tronco medieval galaico-portugués que daría origen, a partir del siglo XIV, al gallego por un lado y al portugués por otro. En cierta medida se trata de una tercera rama (1996: 140).

Mesmo entre os investigadores e investigacións máis recentes a alusión ao leonés segue moi presente, como por exemplo no resumo da tese de Alicia Manso (2020) que podemos ler na base Teseo ([https://www.educacion.gob.es/teseo/mostrar Seleccion.do](https://www.educacion.gob.es/teseo/mostrar_Seleccion.do)): “son tres pueblos que conservan una lengua de ascendencia gallego-portuguesa e *influjo leonés* denominada Fala, valego o xalimego”.

Imos tratar de ver cales son as pegadas do leonés nestas falas e imos tratar de verificar ata que punto a influencia leonesa é sobranceira e merece ser posta tan de relevo ou se, pola contra, é moito menor do establecido, coidado e publicado ata o día de hoxe.

2. A relevancia dos leonesismos nos diferentes filólogos e lingüistas

O debate sobre a orixe e a adscripción tipolóxica das falas do Ellas ou valego sempre estivo moi presente ata agora entre os investigadores que se ocuparon delas (Costas 2013; Martín Galindo 1993; Gargallo Gil 1999 e 2007; Carrasco González 1996-1997 e 2010; Manso Flores 2020, etc.). Estas son as adscripcións dos diferentes autores nos últimos cen anos:

- a) variedade do español con portuguesismos
- b) variedade do asturleonés con portuguesismos
- c) variedade híbrida de galego-portugués con astur-leonés
- d) variedade (galego)portuguesa con leonesismos
- e) variedade de orixe galega con leonesismos históricos e castelanismos actuais.

Os primeiros autores que estudaron as falas do Ellas ou valego, clasificáranas como portuguesas ou “uma linguagem especial, ou três formas de uma linguagem, de carácter fundamentalmente português” (Vasconcelos 1927: 258-259 e 1933: 167)⁵ ou “dialecto fundamentalmente português” (Onís 1930: 63) sen mención ningunha aos trazos leoneses que en troques si ofrecían para as falas veciñas polo norte e polo leste; agás Menéndez Pidal (1960, con datos tomados en 1910), que si citaba algúns leonesismos nestas falas, como as terminacións en *-i*, *-u*.

Cintra (1959: 504) determinou que o modelo de lingua empregado nos *Foros de Castelo Rodrigo*⁶ (séc. XIII) era un “falar fundamentalmente galego, mas com leonesismos” que estaba na base do “falar também essencialmente galego da região de Xalma”. Os cinco trazos lingüísticos leoneses que Cintra detectaba naqueles documentos eran a monotongación do SNP da P3 dos PI da CI *-ou: levó*; a presenza de *-u* final en *unu, radiu*; as confusións gráficas que delataban enxordecemento das sibilantes sonoras: *queyxo, queyxeira, eglexa*; algunhas vacilacións gráficas entre o mantemento e a eliminación de *-l-* intervocálico en formas como *águila, volar*; e a presenza do iode na sílaba final

⁴ Tense discutido abondo sobre como chegaron estes trazos leoneses ao Ellas. A opinión maioritaria é que debeu haber certa presenza leonesa na repoboación deste val no séc. XIII, ao que se ameceu o contacto secular destas falas con falas leonesas veciñas polo norte (El Rebollar-Salamanca) e polo leste (Sierra de Gata-Cáceres) —que amorteceron o impacto horizontal do castelán—, e que este leonés veciño foi practicamente varrido polo castelán no primeiro terzo do séc. XX. *Vid.* Cintra (1959), Salgado (2009) e Costas (2013).

⁵ Curioso foi que Leite (1927) deixase escrito que “haveria estranha coincidência: estar tão perto o português e ser preciso, para explicar o samartinhego, recorrer ao galego, tão distante” cando nunca ninguén mencionara para nada o galego.

⁶ Uns documentos medievais elaborados para unha localidade non moi distante do val, en zona tamén de repoboación do reino de León e Galicia durante o reinado do rei Afonso VIII [<https://sites.google.com/site/foraisextensos/home/foros-de-castelo-rodrigo>, última revisión feita 10/03/21].

en voces como *precio, servicio, iusticia, forcia*. Cintra falou, pois, de cinco trazos leoneses nos *Foros* e nas falas da rexión de Xálima.

Nunha liña lixeiramente diferente, para a súa discípula Clarinda de Azevedo Maia (1977: 92) en Xálima falábase “un dialecto galego-portugués de tipo arcaico, matizado de algúns leonesismos”⁷, mentres que o falar beirão veciño tamén estaba “matizado por restos de antigos leonesismos”. Para os “traços tipicamente leoneses” do Ellas remitía a Cintra (1959: 508-528 e 580-597), pero a propia Maia engadía como novos leonesismos oito trazos máis: as formas *hoiji, longi*, con [x], en valverdeiro (1977: 138) ou unhas estrañas ditongacións *fuolle, vuorta, fuosti* en mañego e valverdeiro que ningún outro investigador deu rexistrado nunca; tamén era leonesismo para Maia (1977: 182-183) a indistinción /v/-/b/, debido “à forte colonização leonesa naquele território” ou certas conservacións de -n- e -l- en formas como *afilal, agüelo, esquilal, manzaneira*; a variante -orem “muito comum em leonês” nas P6 dos PP da CI: *chegorin*; o verbo *dir* (ir); ou os posesivos *de meu, de teu* (1977: 258). Outras veces adscribía un fenómeno a castelán e leonés por igual (1977: 224), como a redución do posesivo lagarteiro: *a tu prima fala mutu* (pero *fala mutu a prima túa*).

Algúns filólogos, sobre todo os españois (p.e. Zamora Vicente 1969: 71), repetiron o xa esbozado por Pidal en 1910 (Menéndez Pidal 1960) e catalogaron estas falas como portuguesas, aínda que foron matizando esta tipoloxización na liña apuntada por Cintra e Maia de as consideraren un galego-portugués antigo tinxido de leonesismos. Así e todo, aínda houbo quen teimou en catalogalas de “dialecto de transición entre gallego-portugués y astur-leonés” (Viudas 1982: 55) ou unha mestura de galaicoportugués con asturleonés (Radaz 2006), e mesmo tamén houbo quen as encadrou directamente como “subdialecto leonés con portuguesismos” (Martín Durán 1999: 105). Pero ningún autor destes, agás Cintra e Maia, achegara nin moita nin pouca información acerca de cales eran eses supostos leonesismos, que por tan nomeados e repetidos deberían ser ben evidentes e sobranceiros.

Salvador Plans (2002: 22), logo de as clasificar na liña cintriana como “gallego medieval con influjos posteriores del leonés”, non achega exemplos de cales son eses influxos posteriores, que só serían deducibles parcial e indirectamente da listaxe de oito trazos ou “elementos leoneses das falas estremeñas” (2002: 19) que o autor enumera para o conxunto das falas da Sierra de Gata: epéntese de iode: *alabancia*; conservación do grupo -MB-: *palomba*; evolución de L- e N- a ll- e ñ-: *llares, ñube*; evolución de -e, -o átonas finais a -i, -u: *esti jigu*; conservación do F- latino: *fogal*; alternancia de l e r en grupos consonánticos e posición implosiva: *jacel, pruma*; conservación de sibilantes sonoras: *adeite, codina*; e leonesismos léxicos dos que non se achegan exemplos. Hoyos Piñas (2003: 589), despois de clasificar o valego do Ellas como “variante dialectal del portugués moderno o del galaico-portugués arcaico” (*sic*), pasa a enumerar os leonesismos que acha nas falas de Hurdes-Gata, entre os cales reproduce algúns dos xa apuntados por Salvador aos que lles engade tres máis: o sufixo -ino/a: *poquino*; a eliminación do -z [-θ] final de palabra: *cru, capatá*; e mais a eliminación do -d- intervocálico: *maera, caena*, mesturando así supostos leonesismos históricos con castelanismos dialectais presentes tamén noutros territorios de lingua castelá. O dialectólogo estremeño González Salgado (2009) propón nove trazos dialectais de orixe leonesa presentes nas falas norestremeñas e tamén no valego, dentro do que el considera mostras de estremeñidade deste último; a algúns dos xa vistos engade a evolución dos grupos -TR- e -DR- en [-jɾ]: *mairiña, lairón, mairugá, peira, Peiru*, etc.

Os autores que máis a fondo trataron a presenza do elemento leonés nas falas postleonesas⁸ ou de orixe histórica leonesa foron Iglesias Ovejero (1982) para a fala do Rebollar e Germán Marcos (2010) para a veciña de Villamiel-Trevejo. Iglesias e Marcos propoñen pouco máis dunha ducia de trazos leoneses presentes na falas de orixe leonesa que cinxen o val do Ellas polo norte (El Rebollar, Salamanca) e polo leste (Villamiel, Cáceres), aínda que algúns destes trazos non sexan ao cabo senón dialectalismos estremeños do castelán e outros sexan simplemente restos léxicos do leonés. Estas falas postleonesas tamén posúen restos léxicos do galego-portugués como consecuencia da proximidade xeográfica e dos contactos humanos con Portugal e co val do Ellas: *cheirar, lama, funil, rodera*, etc.

Iglesias Ovejero (1982: 271) fala dunha probable “forte influencia leonesa” na segunda metade do século XII e XIII, seguida dunha castelanización intensa pero deficiente a partir do XIII, que foi o que debeu ter lugar en toda esta zona raiana coa fronteira portuguesa:

Lo que en otras partes, quizá de un modo simplista, se considera degradación del buen hablar, es aquí parcialmente fidelidad a una tradición, **norma difusa del área leonesa, mal consolidada**, a causa de la expansión del castellano.

⁷ Maia xa non di que se trata dun falar “esencialmente galego” como escribira Cintra, nin “fundamentalmente portugués” como dixera Leite, agora é “galego-portugués de tipo arcaico” a todos os efectos, aínda que logo recoñeza, por exemplo, que “Xalma foi máis ‘galega’ que Riba-Coa: tenho presente sobretudo a existência naquela região [en Xalma] de particularidades características do galego” (Maia 1977: 549), no sentido de que tivo unha maior presenza de repoboación galega. Con todo, nos falares beiraos de Sabugal e Riba-Coa son rechamantes aínda hoxe en día certos “arcaísmos” que lembran máis o galego có portugués (*vid.* Pires 2004 e Borges 2000) por estaren hoxe presentes no galego común ou en variedades galegas e non portuguesas.

⁸ Denominamos falas “postleonesas” aquelas variedades lingüísticas dialectais do castelán actual que acusan unha forte presenza de léxico fosilizado de orixe leonesa meridional. Son áreas onde se falou leonés ata hai un século pero nas que hoxe a lingua é sinxelamente un castelán dialectal estremeño con eses restos fosilizados do leonés.

Para Iglesias Ovejero (1982: 274), en todas estas falas discontinuas de leonés tivo lugar a “eliminación progresiva do elemento dialectal arcaizante, leonés”. Xa que logo, a maior parte dos leonesismos conservados hoxe nas falas postleonesas son arcaísmos léxicos que deixan enxergar determinados fenómenos e trazos lingüísticos dun xa extinguido leonés.

3. Leonesismos e supostos leonesismos fonéticos e prosódicos

3.1. Entoación

Os estudos entoativos raramente se aplicaron ás realidades dialectais e, en xeral, non dispomos de referencias comparativas entre a(s) entoación(s) das tres falas do val do Ellas coas entoacións galega, asturiana, leonesa, portuguesa, estremeña, etc. Se introducimos este epígrafe inicial é porque nin un galego común, nin un portugués beirão, nin un leonés recoñecen nestas falas de maneira espontánea “acento galego”, “sotaque beirão” ou “acento leonés”. Porén, galegofalantes das Portelas de Zamora que estiveron en contacto con falantes mañegos e lagarteiros quedaron sorprendidos ao recoñecer en eles un acento semellante ao seu, feito que nos lembra a proximidade de determinados trazos dialectais exclusivos (*muto*, *verdai*, *faila*, etc.) entre estas variedades, pero está por confirmar ou desmentir esta “impresión acústica” con estudos comparativos de candansúas entoacións.

A única achega de estudo prosódico ás falas do Ellas realizárona Masa / Elordieta (2017) e nela concluíron que o valverdeiro tiña unha entoación próxima ao castelán⁹ e o mañego e o lagarteiro máis achegada ao galego-portugués. Dubidamos moito destas conclusións ás que chegaron estes autores porque, despois de 30 anos investigándonos naquel val, coñecemos os informantes utilizados e, na nosa opinión, non foron os máis axeitados. Masa / Elordieta buscaron 12 falantes da franxa etaria de 33-55 anos con estudos medios e residentes (case) toda a vida no val do Ellas. Pero a maioría dos seus informantes ou non eran falantes de berce, ou non eran falantes habituais, ou eran persoas que botaran entre 7 e 10 anos fóra do val. Cientificamente a abordaxe do estudo foi impecable, pero a elección de informantes non. A mostraxe máis fiel das entoacións do val sería na nosa opinión a tomada en poboación maior de 50 anos, falantes habituais dalgunha das variedades, sen estudos ou con estudos primarios e que nunca vivisen fóra do val. Esa sería a que podería deitar unhas mostras entoativas verdadeiras para logo podelas comparar coas das poboacións portuguesas e postleonesas veciñas e poboacións leonesas, galegas, etc.

Sinalamos, pois, que están aínda por facer estudos prosódicos rigorosos e en profundidade —con falantes ideais e cunha mostra máis extensa—, sobre todo da variedade lagarteira, que é a que presenta un “acento” máis diferenciado nas oracións interrogativas, pois se se descubrise o chamado “patrón entoativo norteño” (Cuevas 2005 e 2012) que apareceu nalgunhas localidades estremeñas, habería que perfilar ben se esa entoación fose de procedencia leonesa, norportuguesa ou galega; dado que a entoación é un trazo lingüístico moi conservador, deitaría máis luz sobre a orixe das variedades faladas neste val.

3.2. Vocalismo: sistemas tónico, átono e átono final

As falas do Ellas presentan diacronicamente un vocalismo tónico de tipo galego-portugués porque nelas non houbo ditongación dos *Ē* e *ō* tónicos latinos (*terra*, *tempo*, *ovo*, *serra*, *sogra*, *horta*, *medo*, *sega*, *volta*), mais sincronicamente presentan hoxe un triángulo vocálico tónico de cinco elementos: /u/, /o/, /a/, /e/, /i/¹⁰ semellante ao do asturleonés e castelán. Como a maioría dos autores, Gargallo (1999: 32) atribúe este vocalismo tónico de cinco elementos do valego á continuidade da primitiva zona leonesa ou do castelán común de Estremadura¹¹, mais coidamos que esta é unha explicación demasiado doada e que deberíamos pensar nunha redución estrutural interna a teor do ocorrido no vocalismo átono medial e final, polo que deberíamos estudar todo o vocalismo en conxunto.

Nas falas do Ellas o vocalismo átono consta unicamente de tres elementos: <i/e>¹², /a/ e <u/o>, e o átono final consta doutros tres: /i/, /a/, /u/. Precisamente por este último inventario reducido do vocalismo átono final, coincidente coas falas postleonesas do norte de Cáceres (Cummings 1984), suroeste de Salamanca e oeste de Zamora (Iglesias

⁹ Non especifican os autores a que tipo de castelán se acaroa, se ao castelán salmantino, ao estremeño ou ao de Castela, porque hai moita variedade prosódica dentro do castelán peninsular. Tampouco especifican a que prosodia galego-portuguesa se achegan lagarteiro e mañego, porque mesmo dentro só do galego, eu, como falante suroccidental recoñezo espontaneamente ata tres entoacións diferentes nas oracións interrogativas en galego: a descendente do galego común, a crebada final do Morrazo norte e a entoación ascendente do Morrazo sur e todo o suroeste de Pontevedra desde as parroquias meridionais de Vigo cara ao Miño.

¹⁰ Maia (1977: 135-136) rexistra voces con vogais tónicas de grao medio abertas, pero a maioría dos autores non acharon máis que realizacións esporádicas, nunca fonemas. Alén diso, os falantes maiores e os nativos máis conscientes (filólogos, mestres, etc.) non fan referencia á existencia de realizacións abertas nas súas falas.

¹¹ De feito Maia (1977: 125-138) non acha nas falas do Ellas senón vestixios dun sistema vocálico de tipo leonés, onde non faltan ditongacións que ningún outro investigador achou por ningures.

¹² Preferimos representar as neutralizacións así: <e/i>, <o/u>, e non /I/, /U/, para que se vexan máis claramente os fonemas afectados nesa neutralización.

1982; Llorente 1947; Baz 1967), todos os autores (Velo 1955; Salgado 2009a e 2009b; Hoyos 2003; Salvador 2002) viron neste trazo un leonesismo histórico¹³. Maia (1977: 160) suliña:

Em parte nenhuma do dominio lingüístico leonés as formas com *i* em sílaba átona final atingem o grau de generalización das três povoações citadas [Valverdi, S. Martiñu, As Ellas] a tal punto que, ao referir-se à linguagem de San Martín de Trevejo, Leite de Vasconcelos afirma que ‘o fenómeno mais notável é a representación de *-e* por *-i*’.

Agora ben, en todas as falas portuguesas o normal é a pronuncia do *-o* átono final como [-u], igual ca en asturleonés, coa diferenza de que este último a traslada á escrita (*amigu*) e o portugués non (*amigo*). Porén, a pronuncia do *-e* átono final como [-i] non se reflicte na escrita no asturiano porque a realización abala entre un [-e] moi pechado e un [-i], sen ser ademais nada sistemática¹⁴. Así é o cadro fonético vocálico átono final en asturiano: /i/, /e/, /a/, /U/, igual ou moi semellante ao das falas leonesas de Aliste (Baz 1967), La Ribera (Llorente 1947) e norte de Extremadura (Marcos 2010), polo que en principio todo podería indicar unha posible influencia leonesa nas falas do Ellas neste eido.

Porén, non esquezamos que o portugués de Brasil e algunhas falas veciñas portuguesas da Beira (Buescu 1984), ademais de pronunciaren o *-o* átono final como [-u], presentan tamén a pronuncia do *-e* átono final como [-i]: *fomi*, *verdi*. Para Maia (1977: 164), esta pechazón en *-u*, *-i* trátase “de uma tendência muito acentuada para fechar as vogais átonas *e*, *o* en *i*, *u* em galego-português e que ainda vive actualmente em asturiano e leonés occidental”, documentada nos *Foros de Castelo Rodrigo* e rexistrada en toda a Serra de Gata, e engade ademais que este fenómeno da pronuncia *oit[u]*, *nov[i]*, non é xeral nin sistemático no valego (Maia 1977: 159-160). Segundo Carrasco González (2010: 5):

As átonas finais [i,u] coinciden exactamente com o vocalismo átono geral da língua portuguesa no século XVIII, talvez anterior; e também coincidem com as vogais finais ainda existentes na variedade brasileira e com os resultados de muitos dialectos modernos portugueses mais conservadores, inclusivamente aqueles que estão em contacto com os falares de Xalma.

Germán de Granda (1969a: 33), ao se ocupar da pronuncia das vogais finais átonas do asturiano, indicaba que tiñan “un timbre indefinido, difícil de analizar, oscilando entre una *-e* muy cerrada, una *-i* o una *-e* relajada”. Mais, ao estudar o vocalismo átono final (*-e/-i*, *-o/-u*) dunha fala galega de transición co asturiano, Babarro (2003: 223) opina que:

Coidamos que na maior parte dos casos pronúncianse os dous fonemas, algo máis cerrados ca no galego común, sen chegar a [i], [u], aproximándose ó sistema [é], [ô], característico do vocalismo doutras áreas do asturiano occidental.

É dicir: o que para os autores españois é un asturleonésimo evidente nas falas estremeñas postleonesas e en valego, para os autores portugueses é un ibero-occidentalismo común a asturleonés e portugués e para Carrasco é un arcaísmo e dialectalismo portugués.

A pronuncia do castelán [-e], [-o], imposta definitivamente desde mediados do XX pola escola e os medios, está a exterminar esta pronuncia “occidental” no suroeste de Salamanca e norte de Extremadura (González Salgado 2009b: 59), e xa son escasos os lugares onde se rexistra con certa vitalidade, mentres que en moitos puntos en que se describira este fenómeno hoxe xa non se rexistra. Só no valego do Ellas, e con vitalidade.

Á vista do exposto, a pronuncia dos *-o*, *-e* átonos como [-u] e [-i] poderíamos considerala entón máis ben como un ibero-occidentalismo común a (galego)portugués e asturleonés antes que un exclusivo (astur)leonésimo, tanto nas falas do Ellas coma nos restos de leonés estremeño. Daquela, o conxunto dos tres triángulos vocálicos valegos, átono, átono final e tónico, pensamos que se debería considerar como un exemplo autóctono e senlleiro de corremento estrutural de todo o sistema vocálico cara á simplificación (Costas 2013: 138-139) que non se correspondería tampouco co vocalismo castelán, como dixera Maia, ao non haber ditongación histórica de *Ē*, *ô* tónicos latinos en [je], [wo]~[we].

No seguinte cadro vemos graficamente como o vocalismo valego se corresponde cunha redución ou corremento estrutural do galego, aínda que dela resulte unha coincidencia no vocalismo átono final co portugués e co asturleonés e, parcialmente, co vocalismo tónico do castelán. Existindo estas coincidencias, o que é relevante é que a sucesión dos tres triángulos vocálicos no valego constitúe un sistema único —diacrónica e sincronicamente— diferente dentro dos vocalismos actuais galego e portugués, mais tamén diferenciado do conxunto asturleonés e castelán por esa inexistencia orixinaria de ditongacións.

¹³ Moitas persoas, ao veren escrito o valego con criterios foneticistas, pensan inmediatamente directamente no asturiano normativo. Ante unha secuencia “u mozu brancu vendi viñu” [u ‘moθu ‘βraŋku ‘βendi ‘βiɲu], a xente do común pensa espontaneamente no asturiano escrito “el mozu blancu vende vinu”, sen reparar na pronuncia do portugués [u ‘mosu ‘βraŋku ‘vendə ‘viɲu].

¹⁴ En asturiano hai unha serie de substantivos rematados en *-o* e o neutro de materia tamén remata en *-o* (*carne fresco*), mentres que o rexistro de voces rematadas en *-i* final é limitado, circunscrito á zona centro-oriental e non recollido no estándar escrito (Viejo 2005), mentres que no valego do Ellas son sistemáticas as pronuncias átonas finais [-u], [-i]. *Vid.* tamén Granda Gutiérrez (1960: 29-117) e Rodríguez Castellano (1954: 92-112).

Cadro 1. Comparación entre os triángulos vocálicos do galego e do valego (elaboración propia).

V. tónico galego	V. átono medial	V. átono final	
/i/ /u/ /e/ /o/ /ɛ/ /ɔ/ /a/	/i/ /u/ /e/ /o/ /a/	<i/e> <u/o> /a/	GALEGO COMÚN
FALAS DO ELLAS ou VALEGO → → →	/i/ /u/ /e/ /o/ /a/	<i/e> <u/o> /a/	/i/ /u/ /a/
	V. tónico valego	V. átono medial	V. átono final

3.2.1. Os ditongos decrecentes: entre a conservación e a monotongación

Unha das características senlleiras dos falares galego-portugueses fronte a asturiano e castelán é a presenza nos primeiros de ditongos decrecentes. Este trazo compartíllano as falas do Ellas co galego, o portugués do norte, e co leonés occidental, xa que o portugués centro-meridional e o asturiano central e oriental monotongaron na fala eses ditongos. Nas falas do Ellas imos achar unha dobre solución: por un lado a presenza de ditongos decrecentes e polo outro a dalgunhas monotongacións, como corresponde a unha zona arraiana entre as zonas de mantemento e as de monotongación dos ditongos decrecentes.

Cintra (1959) viu nalgunhas monotongacións sistemáticas dos *Foros de Castelo Rodrigo* (*ou* > *o* nos SNP das P3 dos PP da C1, *levó*, *chegó*) un leonesismo que el atribuíu a algún tipo de fala nivelada entre colonos galegos e leoneses. Nas falas postleonesas veciñas ao val do Ellas non existen ditongos decrecentes porque monotongaron (Iglesias 1982) e tamén nas falas portuguesas veciñas (Buescu 1984; Maia 1977) se rexistran de forma maioritaria as monotongacións dos antigos ditongos decrecentes. No portugués beirão de moitos puntos da fronteira hai monotongacións de *ou* > *o* e, nalgunhas ocasións, evolución de *ou* > *oi*. Hai tamén neste portugués beirão algúns rexistros escasos de *eu* > *ei* > *e*: *Dês santo do cé* xunto a outros de monotongación de *ei* > *e*: *pêto*, *cadêra*, *andês* (Buescu 1984: 17, 52 e ss.), polo que nestas zonas arraianas beirás portuguesas a monotongación é a norma e a conservación dos ditongos decrecentes é a excepción ou o arcaísmo.

No valego do Ellas os ditongos *eu* e *ou* evolucionaron a *ei* e *oi*¹⁵ (*mei*, *ei*, *tei*, *sei*, *loiza*, *roipa*, *roibar*, *oivir*, *toiciño*, *boiba*, *oitro*, *toiro*, *soito*, *coito*, *poico*, *oiro*, *tesoiro*, *choirizo*), pero tamén sufriron algunhas monotongacións (*tope*, *popa*, *vega*), reducións do ditongo sistemáticas nos SNP verbais: *ei canté*, *ela cantó*, *ela dó*, *ei estó*, *levaré*, *ei sé*, *he*, etc.

Cintra (1995: 35-54) estudou o fenómeno para o portugués e observou que as montongacións de *ei* e *ou* son normais en todo o centro e sur de Portugal, predominan na lingua culta do XVIII e son un fenómeno que está a avanzar de sur a norte. Só as falas do norte do Douro se libran desta tendencia monotongadora meridionalizante. A vacilación *ou* > *oi* xa se rexistraba en textos do XVIII como caracterizadora da pronuncia popular, aínda que na veciña Ribacoa *ou* comezara a alternar con *oi* e a substituílo xa no século XIII. Williams (1975: 28) acha que esta vacilación *ou*~*oi* xa arrinca do primitivo galego, na dobre vocalización do [k] do grupo -OCT- (OCTO > *oito*, OCTUBER > *outubro*), nas confusións dos derivados das terminacións latinas -TORIU > -*doiro* e de -AURU > -*ouro* ou nos dobretes verbais *ouç-* ~ *oiç-*.

Ao igual ca no mediodía portugués, en asturiano (Catalán 1956: 88) o fenómeno da evolución de *ou* > *oi* tivo lugar nunha zona central fronteiriza entre a conservación de *ou* e a súa monotongación en *o*, onde *oi* convive con *ou* nuns lugares e noutros con *o*. Catalán opina que esta evolución disimilatoria *ou* > *oi* tivo lugar en zonas onde o ditongo ía camiño de monotongar en *o* pola maior proximidade articulatória das dúas realizacións velares, como ocorre no Ellas, onde temos os primeiros inicios destas monotongacións pero maiormente as evolucións conservadoras de *ou* > *oi* e coetaneamente e por analogía *eu* > *ei* (Teyssier 1959: 156 e Cintra 1970: 42). En calquera caso, a monotongación destes ditongos decrecentes non se pode atribuír a leonesismo, ou non é exclusivamente un leonesismo, porque tamén podería ser un portuguesismo central e meridional, e as evolucións *ou* > *oi* e *eu* > *ei*, aínda que tamén se deron en falas portuguesas e asturianas, en ningunha delas xermolou da maneira tan extraordinaria como no valego, o que as fai únicas dentro da dialectoloxía ibero-occidental. Expresao deste xeito Carrasco González (2010: 8):

A monotongação dos ditongos decrescentes produziu-se em muitas das variedades iberorromânicas com que os falares de Xalma estão em contacto. Foi completa em castelhano e em grande parte da área astur-leonesa. Mas é também uma tendência do português, menos completa mas muito estendida geograficamente. É, de facto, uma das características diferenciadoras da língua portuguesa em relação ao galego-português arcaico e ao galego moderno.

¹⁵ Hai un par de exemplos de pervivencia de *ou* alterando con *oi* no Ellas: *mouru-moiru*, *fouci-foici*, e de mantemento de *eu* no SNP da P3 dos PP da CII en valverdeiro e lagarteiro: *bebeu*, *comeu*, *apareceu*, *temeu* (outramente, en mañego evolucionou a *ei*: *bebei*, *comei*, *aparecei*, *temei*, onde tamén o SNP da P3 dos PP da CIII -*iu* se reduciu a -*i*: *el durmí*, *ela viví*, *ela subí*, *el cubrí*).

Non se pode dicir, xa que logo, que estas vacilacións dos ditongos *oi~ou*, *eu~ei*, e as súas correspondentes monotongacións en *o*, *e* sexan exclusivamente leonesimos, pois tamén achamos solucións idénticas ou semellantes en portugués centro-meridional, galego suroriental (*oi~ou*), asturiano central e —só as monotongacións— en castelán.

3.3. Leonesismos e supostos leonesismos no consonantismo

3.3.1. Conservación e enxordecemento de fonemas sibilantes sonoros

O problema de orixe para a atribución de supostos leonesismos neste eido foi que, para os filólogos portugueses, todo o que non coincidise co portugués era leonesismo e, para os filólogos españois, todo o que diferise do castelán de Castela tamén era leonesismo¹⁶. Se para Cintra era un trazo leonés o enxordecemento das sibilantes sonoras nos *Foros de Castelo Rodrigo*, delatado polas confusións gráficas -s/-ss-, -z/-ç e ce, ci, e x/j, ge, gi (*nosa*, *queyxo*, *esa*, *façer...*), para os autores españois tamén era arcaísmo leonesizante o contrario: a conservación das sibilantes sonoras nalgunhas falas do norte de Cáceres (Espinosa 1935: 243) e tamén en mañego e lagarteiro.

O enxordecemento das sibilantes sonoras é un fenómeno que aconteceu en todos os romances setentrionais, non é exclusivo asturleonés¹⁷ (*vid.* Costas 1999), e a presenza de sibilantes sonoras en dúas das tres falas do Ellas (*vid.* Costas 2013: 148-151) tamén aconteceu en falas norcacereñas (Espinosa 1935). Por iso mesmo é estraño que se lle atribúa a un arcaísmo leonés, cando o asturleonés primitivo xa enxordecía as sonoras sibilantes. Menéndez Pidal (1906: 163-164) xa detectara este fenómeno en falas norcacereñas, o mesmo no que logo reparou Espinosa (1935: 243), na “distinción entre *ç* y *z* y entre *ss* y *s*”, mais hoxe en día só rexistramos sonoras con vitalidade no mañego e no lagarteiro do Ellas (*vid.* Costas 2017).

Na nosa opinión o enxordecemento é un fenómeno atribuíble á orixe galega (leonesa no caso das falas postleonesas) e a conservación dalgunhas sonoras é atribuíble a arcaísmo do leonés meridional no caso das falas postleonesas e do galego antigo en caso do mañego e lagarteiro do Ellas. E isto é así porque os actuais subsistemas de sibilantes mañego e lagarteiro non coinciden co subsistema de sibilantes do portugués beirão (Costas 2017):

Cadro 2. Sistema de sibilantes beirão e mañego-lagarteiro (elaboración propia).

	Portugués da Beira	Mañego - Lagarteiro
Africada palatal		/tʃ/
Fricativa palatal	/ʃ/ - /ʒ/	<ʃ/ ʒ > [ʃ], [ʒ] [dʒ]
Fricativa apical	/s/ - /z/	/s/ - /z/
Fricativa interdental		/θ/ - /d/ (</d/)

O único que podemos achar de restos de antigas sibilantes nas falas norestremeñas postleonesas son fósiles léxicos (Salgado 2009: 60), restos dun naufraxio, formas illadas como *modu*, *cenida*, *dânganu*, *dagala*, *dedil*. Esta pronuncia dental (xa non sibilante) tamén se rexistra e con total vitalidade en mañego e lagarteiro (*ondi*, *dodi*, *codiña*, *dagal* —con [θ] en valverdeiro— fronte a *praza*, *cincu*, *cea*, *moza*) e parcialmente no estremeño postleonés de Villamiel (Marcos 2010) (*bederru*, *dagal*, mais *onci*, *doci*).

Esta realización procede dunha interdental sonora [d] (á súa vez derivada dunha antiga predorsal sonora [z]) que evoluciona en fricativa ou oclusiva dental sonora [d] e [d] (*treze* > *tredi*, *coziña* > *codiña*, *bezerro* > *bederru*), pero a súa extensión a voces onde o esperado sería unha interdental xorda indica a forza que debeu acadar no pasado (*poça* > *poda*, *poço* > *podu*). No Ellas, ademais de formas non etimolóxicas como *podu*, *poda*, *tada*, *tadón* (o esperable sería *pozu*, *poza*, *taza*, *tazón*), rexistramos tamén dobretes vivos como *palicia~palidia*. Este mesmo fenómeno realizado con fricativa interdental sonora [d], rexístrase tamén hoxe nas falas galegas da Limia Baixa, Ourense, e de Hermisende e Calabor, en Zamora (Fernández Rei 1990; Costas 2017), polo que tampouco podemos falar dun exclusivo leonesismo, senón máis ben dun “ibero-occidentalismo”.

O enxordecemento das sibilantes sonoras, que Cintra detecta graficamente nos *Foros de Castelo Rodrigo*, tampouco é ningún leonesismo (exclusivo) posto que tamén se dá no galego (e no leonés, castelán e aragonés), polo que máis ben poderíamos pensar nun fenómeno común aos iberorromances setentrionais.

¹⁶ O leonesismo actuou como un recurso indefinido, etéreo e sentencioso que valeu para todo, como as atribucións vagas que se teñen feito ao “mozárabe” (como se houbese un único mozárabe) ou o recurso doado á etiqueta de “sustrato” para explicar moitas veces aquilo para o que non se achaba unha explicación convincente.

¹⁷ Maia (1977: 194) rexistra en mañego enxordecementos de sonoras: *dirixir*, *mixar*, *xogar*. Nós (Costas 2013) tamén temos algúns rexistros de voces con enxordecemento no mañego: *ferruxi*, *paxinxa* en voces que no lagarteiro rexistramos con sonoras: *ferru*[ʒ]i, *paxin*[dʒ]a (barbas do millo).

3.3.2. A desaparición do -z /-θ/ en final de palabra (*pa, felí, arró, avestrú*, plurais *pacis, felicis, arrocis, avestrucis*) foi considerado por algúns autores como “estremeñismo” nas falas do Ellas, cando tamén é un fenómeno normal en boa parte do territorio suroriental galego (Costas 1999b) ou noutras falas leonesas non extremeñas explicable a partir da evolución do antigo par fricativo predorsodental a fricativo dental e a posteriores amálgamas fonéticas de tipo [a ‘luɖ ðo ‘sol] > [a ‘lu ðo ‘sol] > [a ‘lu], que fai que en amplas zonas do suroriente galego sexan normais as formas *cru, felí, rapá* (plurais *cruces, felices, rapaces*). O fenómeno é común ao norte de Estremadura (Cummings 1984), pero non por iso se pode considerar un extremeñismo leonesizante en exclusiva, senón máis ben un ibero-occidentalismo.

3.3.3. A presenza do alófono [x] oclusivo velar xordo en valverdeiro en lugar da esperada realización fricativa palatal xorda [ʃ] nun inventario delimitado de formas sempre foi considerada un leonesismo antes ca un castelanismo, porque, por un lado, aparece en formas diferenciadas das castelás (*jovis, estojal, lonji, ajuda* a carón de formas como *xogu, hoixi, beixu*, etc.) e, polo outro, é un fenómeno xa rexistrado en diversas falas leonesas, por exemplo *jato, mejar, remejer* en Aliste (Baz 1967) ou *janeiro, llouja, feije* en Seabra (García López 2001). Agora si que nos achamos ante un exclusivo leonesismo. Verbo disto di Frías Conde (2010: 41):

El hecho de encontrarse /x/ en sanabrés no puede explicarse como una influencia del castellano, sino que es una evolución propia de este dialecto paralela a la castellana pero no tomada de ella. Ello se ve en la presencia de /x/ en palabras como *gelo, gelar, janeiro, llonge, jeijo* [...] Hay un dialecto gallego en que nos encontramos con esta misma dualidad y donde tampoco se puede aceptar una influencia del castellano; se trata de Valverde del Fresno (Cáceres), donde [ʃ] y [x] alternan. En este dialecto hai [x] en palabras como *ajudar* o *longe*, lo cual no permite suponer una influencia castellana.

É castelanismo, agora si, este son [x] na pronuncia da enxurrada de palabras introducidas tanto histórica coma recentemente desde o castelán escolar, mediático e administrativo: *geología, sonajeiru, añeju, bujía*, etc., ou topónimos como *Pajarillus* (Valverde). Porén, pódese considerar arcaísmo do castelanismo dialectal extremeño o [x] presente en formas como *jenu* (< FENU, *Lolium multiflorum* e *Lolium perenne*), ou a súa derivada *cortajenu*, escáncer (*Anguis fragilis*), pois é característica das falas dialectais castelás de Estremadura a evolución do F- inicial latino¹⁸ en [x]: *jarina, jambri, juera* (Marcos 2010). Como explica Salgado (2009: 366), Pidal (1906) e Zamora (1960) relacionaron esta aspiración coa acontecida no oriente asturiano e occidente salmantino, ao consideraren este trazo un leonesismo, mais Ariza (2008) e Salgado (2009) deixaron claro que a aspiración extremeña derivada de F- é un arcaísmo do castelán que hoxe permanece nesta área como dialectalismo extremeño.

3.3.4. A evolución de -sy- en lagarteiro

Un trazo que non vimos ata agora mencionado por autor ningún é a evolución do grupo -sy- en lagarteiro, pois non deriva nos resultados propios do galego-portugués [-jʃ-] *beixo, queixo, deixa, cereixa*, senón que presenta os resultados exclusivos —agora si— dalgunhas variedades asturleonesas: *beisu, queisu, deisa, cireisa*, de maneira que coincide cos resultados das falas veciñas postleonesas¹⁹ onde se rexistran voces como *queisu, deisa*, etc., e cos resultados esperados nas outras falas asturleonesas (p.e. Aliste: *cereisa, queisu, beisar*; Baz 1967: 25). Secasí, estamos perante un trazo leonesizante no lagarteiro do que ata agora ninguén comentara nada.

3.3.5. Resultados de N- e L- iniciais latinos²⁰

En toda as falas castelanizadas de orixe leonesa de Estremadura e Salamanca achamos restos illados de formas léxicas (“fósiles” para González Salgado) destas palatalizacións características do asturleonés: *llares, ñíu* (Cummings 1984: 53), *ñuca, ñudu, esñucalsi* (Iglesias 1982: 95), *ñetu, uñú-ñudu, llaris* (Marcos 2010), etc. No valego do Ellas existen algúns destes fósiles léxicos leoneses, como *llaris* (gramalleira), *lludu* (levedado), *lludal* (levedar), *uñil* (unir) ou *añusgal* (esganar, agarrar pola *ñuez*), pois non esquezamos que ata hai menos dun século o valego estaba cinguido polas falas (post-)leonesas do Rebollar (Salamanca) e do occidente da Serra de Gata (Cáceres).

De todos xeitos, a presenza de fósiles léxicos do leonés nas falas do Ellas é moi inferior en número á presenza de préstamos ou reliquias léxicas do galego(-portugués) nas falas postleonesas veciñas, onde podemos rexistrar ducias delas (Marcos 2010): *chucallu, fechar, foscu, furar, lúntriga, trangallu, cheirar*, etc. A dúbida que nos xorde é se estes leonesismos no valego son restos antigos ou préstamos recentes. Debido a que constitúen un inventario de formas moi limitado, nós inclinámonos máis ben polo segundo, polo que non sería acertado neste caso falar deles

¹⁸ A conservación dun inventario reducido de palabras con f- inicial latino en falas extremeñas, onde o esperable é o dialectal e arcaico castelán [x-] (*juerza, jigu, jarina*) debe ser considerada como préstamo galego-portugués e/ou leonesismo histórico: *ferramenta, farrapá, esfarrapal, furniga, fogal* etc., pero non exclusivamente como leonesismo. Cfr. o castelán andaluz, onde do latín folga derivan *juerga* e *jolgorio*.

¹⁹ En Villamiel (Marcos 2010) este resultado [-jʃ-] tamén procede doutros grupos latinos como -ly-: *muisel, paiseru, peleisu*; -kʰl-: *vieisu, espeisu*; -gʰl-: *reisa, teisa* (muller, palleiro, pelelo, vello, espello rella, tella).

²⁰ Cintra (1959) tamén consideraba como leonesismos a presenza de formas con -l- e -n- conservadas en voces dos *Foros de Castelo Rodrigo* como *volar, luna* ou *águila*. En verdade, para textos medievais dubidamos se son ou non restitucións gráficas cultistas inexistentes na fala ou —máis aínda— na escrita da época; para hoxe non temos dúbida en consideralas antes ca leonesismos (en leonés sería *lluna* e non *luna*).

como leonesismos ou estremeñismos léxicos nas falas do Ellas ao mesmo nivel doutros fenómenos que si son restos leoneses históricos.

3.3.6. A desaparición do *-d-* intervocálico (< *-D-* ou *-T-*) caracteriza as falas de todo o mediodía castelán (Andalucía, Estremadura, A Mancha, Murcia), pero tamén afecta parcialmente a outras falas castelás. Alén diso, é un fenómeno frecuente nalgunhas falas asturleonesas (Rodríguez Castellano 1952) e tamén deixou pegada en galego, portugués, francés e catalán.

En galego —dialectalmente— e en portugués temos como formas do imperativo *cantai, escollei*, ou os SNP das P5 en *-is*: *vós levais, vós levareis*, cando o galego maioritario é *cantade, levades, levaredes* con *-d-* (< *-T-*) mantido. Tamén dialectalmente, en galego suroriental os participios e adxectivos en *-ado* son pronunciados en *-ao* (*teño levao*). No catalán de Valencia o *-d-* intervocálico non se pronuncia en voces como *cremá* (cremada), *caíra* (cadira) ou *mocaor* (mocador). O francés histórico tamén sufriu unha evolución *-T- > -d- > →* (*CANTATA > chantée*). Porén, ninguén pensa nestes casos en leonesismo nin estremeñismo ningún, senón que son solucións das linguas románicas occidentais, daquelas nas que tivo lugar a lenición céltica que provocou unha serie de cambios en cadea.

É certo que formas como *viúa, sea, roera* son normais no Alto Aller (Rodríguez Castellano 1952) e tamén o poderían ser en Estremadura, e quizais isto podería levar a pensar nun antigo asturleonesismo presente nas falas estremeñas, pero é que se trata dun fenómeno evolutivo tan común nas linguas románicas que non se lle pode atribuír orixe concreta. Viejo (2005: 142) e Hernández (1999: 199) din que é un fenómeno coloquial en todo o castelán, aínda que sexa máis rechamante no meridional. Nas falas do Ellas, sobre todo no mañego e lagarteiro, onde ten unha tendencia case sistemática á desaparición, o *-d-* intervocálico mantense cando vai precedido dun ditongo: *soidi* (saúde), *queida* (caída), *peidu*. E ocorre tamén que en mañego e lagarteiro, cando o *d-* queda en posición intervocálica por fonética sintáctica, tamén pode desaparecer (*unha udia, queru idel, teñu iñeiru*) como ocorre nas diferentes falas leonesas (Cummings 1984; Marcos 2010).

3.3.7. A alternancia *-l/-r* en posición implosiva ou confusión de líquidas en final de sílaba, sobre todo en implosiva final de palabra, e en grupo consonántico con oclusiva ou fricativa labiodental (*pl-pr, bl-br, cl-cr, gl-gr, fl-fr*), é un fenómeno coñecido nas variedades surpeninsulares e centroamericanas do español, aínda que non teña reflexo na escrita. Esta alternancia é habitual nas falas estremeñas (Cummings 1984: 53) e nas falas do Ellas (Costas 2013: 200-201), onde en final de palabra é imposible achar realizacións do arquifonema */-R/* porque no seu lugar sempre vai aparecer *[-l]*: *cantal, seño, amol, frol*, etc. En posición interior de palabra é menos sistemática esta alternancia: *calni, veldi, veldai, arta, farta, bardiu*, que é máis frecuente cando máis vello e menos escolarizado é o falante. Esta alternancia implosiva de *-r/-l* non é tan normal cando pode provocar confusións: *abril-abrir, farta-falta, mal-mar, cardu-caldu, malta-Marta*, porque o falante trata de non dar lugar a equívocos, pero tampouco é estraño que se poidan rexistrar.

Cando *l* ou *r* forman grupos consonánticos tamén temos casos de alternancia: *plau, brancu, blindal, crara, escri-si...*, tanto nas falas do Ellas coma —cada vez menos— en falas estremeñas. Esta permuta de líquidas tamén se deu en galego-portugués (de aí os semicultismos *preamar, brasón, cravo, escravo, brando*, etc.) sen que este fenómeno teña que ser debido forzosamente a ningún estremeñismo nin leonesismo histórico, senón que se trata dunha confusión de líquidas presente en moitas linguas e variedades románicas.

3.3.8. A conservación do grupo consonántico *-MB-*

Aínda que os diferentes autores coinciden en que a meirande parte dos trazos leonesizantes están hoxe en vías de extinción nas falas estremeñas, pois permanecen só como fósiles léxicos que nos lembran un pasado lingüístico con presenza leonesa, o normal é que se sigan a salientar estes postleonesismos como diferencialismos estremeños fronte ao castelán. A conservación do grupo *-MB-* latino é un ibero-occidentalismo compartillado entre astur-leonés e galego-portugués, pero sempre se insiste nel como estremeñismo de orixe leonesa (Salvador 2002; Marcos 2010) porque necesitan diferenciarse do conxunto da dialectoloxía española (castelá). Nas falas do Ellas a súa presenza é normal (*lomba, lambel, camballón...*) mais por orixe galega.

3.3.9. A evolución en *-ir- [-jr-]* dos grupos latinos *-TR-* e *-DR-* é outro dos trazos que conecta as falas do Ellas coas falas de Estremadura (González Salgado 2009: 60), en base a rexistros de principios do XX. Formas como *mairi, pairi, lairón, Mairil* existirían hai un século nunha ampla zona do norte cacereño, e formas soltas como *yeira* (hedra) existen aínda na veciña fala postleonesa de Villamiel (Marcos 2010). Pero esta evolución hoxe só se rexistra con vitalidade e normalidade na variedade mañega, e así formas como *heira, mairiña, Peiru, Mairil, peira, lairilla, mairugal, lairal, puiril*, etc., son o habitual na fala de S. Martiño de Trebello. En Costas (2013: 201-202) xa expuxemos como esta evolución tamén se deu en galego (*CATHEDRA > cadeira, MAT'RE > mai(re), PAT'RE > pai(re), FRAT'RE > freire, HED'RA > heireira*²¹) e en moita menor medida en castelán, pero de maneira truncada. Nalgunhas variedades do castelán coma o panocho murciano son normais as formas *paire, lairón*, tamén con esta mesma evolución. Xa que logo, non podemos considerar estas formas estremeñismos, nin sequera occidentalismos. Son evolucións sucedidas tamén noutras linguas da Romanía (*cf.* o occitano) e, entre todas as variedades iberorrománicas, a única onde ten vitalidade plena na actualidade é no mañego.

²¹ Forma dialectal correspondente ao galego común *hedra* en falas do Frago e do Miñor.

4. O ronsel leonés na morfosintaxe das falas do Ellas

4.1. Os pronomes

4.1.1. Os posesivos femininos *tu(s)* e *su(s)* en lagarteiro

O paradigma pronominal do valego é o propio dunha fala galego-portuguesa (*ei, tu, el/ela, nós, vós, elis/elas, mi, me, te, le, o/a/os/as, se, nos, vos, cuimigu, cuntigu*), coas súas contraccións (*non tas levu, ques que las regali? non nolu agarris*, etc.), cos seus posesivos (*mei, tei, sei, nosu, vosu, sei, miña, túa, súa, nosa, vosa, súa*), etc. Na variedade lagarteira, considérase leonesismo o uso dos adxectivos posesivos femininos con forma reducida *tu, su*, mentres que cando son pronomes posesivos manteñen as formas *túa(s), súa(s)*:

ela vendeu a <i>tu</i> propiedai	=	ela vendeu a (propiedai) <i>túa</i>
ela vendeu as <i>tus</i> propiedais	=	ela vendeu as (propiedais) <i>túas</i>
ela vendeu a <i>su</i> propiedai	=	ela vendeu a (propiedai) <i>súa</i>
ela vendeu as <i>sus</i> propiedais	=	ela vendeu as (propiedais) <i>súas</i>

Isto, en principio, indícanos unha solución coincidente coa asturleonese e coa castelá, pois en falas postleonesas próximas (Marcos 2010) tamén rexistramos formas diferentes segundo sexan adxectivos (*mi, tu, su*) ou pronomes posesivos (*mía, tuya, suya*): *la tu prima / la (prima) tuya, el su güelu / el (güelu) suyu*, como no resto das falas leonesas. Mais en lagarteiro esta redución queda reservada ao feminino e ás formas de P2 e P3 *túa* e *súa*, pois na P1 do feminino só hai a forma *miña* (*a miña prima, a miña*) e no masculino as formas dos adxectivos e pronomes posesivos son as mesmas: *mei, tei, sei: veñu du mei campu / veñu du (campu) mei, aí vén tei sogru / aí vén o (sogru) tei*.

Mais esta redución de *túa* a *tu* e *súa* a *su* coincide tamén en lagarteiro con outro tipo de reducións de adxectivos, numerais etc., cando van antepostos ao substantivo, por exemplo nas voces *dúas, boa(s)* e *toa(s)*:

Cadro 3. Tonicidade e atonicidade das formas *dúas, boa* en lagarteiro

Viñan <i>dus</i> amigas polu camiño,	eran amigas as <i>dúas</i> .
Teñu unha <i>bo</i> muelle,	i das <i>boas</i> a millol.
Dile que veñan <i>tos</i> as dagalas,	si, isu, millol que veñan <i>toas</i> á festa.
Sabis que <i>to</i> ixenti te queri,	pero <i>toa</i> eh?

polo que pensamos mellor nunha redución debida a factores entoativos (atonicidade / tonicidade), forma plena como pronome e forma reducida como adxectivo, numeral ou adverbio, antes que nunha parcial coincidencia co asturleonés pola forma reducida dos adxectivos *túa* e *súa* como *tu* e *su* (ao igual ca *bo, to, dus*, etc.).

En falares portugueses veciños (Buescu 1984: 17) tamén se rexistran reducións semellantes, pero tanto para masculino coma para feminino: *pr'ó tê bem i das tus filhas*. O primeiro é doado de explicar pola monotongación de *ei > ê* que opera nas falas arraianas da Beira, do segundo non temos máis exemplos (*boa, súa*, etc.) para vulgar se ocorre un fenómeno de redución semellante ao do lagarteiro. En calquera caso, isto só ten lugar en lagarteiro e non nas outras dúas falas do Ellas, mañego e valverdeiro, e sospeitamos que teña máis que ver cunha cuestión de tonicidades que con pegada do leonés, aínda que Maia (1977: 224) opine que se trata dun fenómeno “de tipo castelano-leonés”.

4.1.2. O posesivo *de mei*

Clarinda Maia (1977: 258) rexistra en mañego o posesivo *de meu* na oración “teño casa de meu” (o cal en principio resulta moi estraño, porque o posesivo nas tres variedades valegas é indefectiblemente *mei, tei, sei* e daquela sería “teño casa *de mei*”) e afirma a propia Maia que é unha fórmula posesiva asturleonese. Abofé, é fórmula posesiva usada no asturleonés, pero tamén no galego, e descoñecemos que teña algún uso en portugués porque non sae mencionada en gramáticas portuguesas. Secasí, non é exclusivo asturleonés, tamén é forma galega, polo que neste caso deberíamos falar dun ibero-occidentalismo.

4.1.3. O alomorfo pronominal *lo(s)/la(s)* en lagarteiro

De novo en lagarteiro, o pronome átono de CD enclítico ás formas non persoais, infinitivo, xerundio e participio, é *lo(s)/la(s)*: *acabu de compralo / viña tirándulo / ha fêitula esta mañán*, pero non é así en situación proclítica: *non o acabu de compral, sempris o viña tirandu, a fidu u oitru día*, onde o pronome é *o(s)/a(s)*, como no resto do valego e das falas galego-portuguesas. Antes de pensarmos noutro posible leonesismo (hai falas galegas nororientais que tamén teñen o pronome *lo(s)/la(s)*²²), coidamos nunha extensión da amálgama do pronome co -r (ou -l) final dos in-

²² Vid. Babarro (2003) e Fernández Rei (1990).

finitivos, sempre moito máis frecuentes: *fela*, *comprala*, *cheiralo*, desde onde *lo(s)/la(s)* se estendería a construcións con xerundio e participio, pois este pronome *lo(s)/la(s)* en lagarteiro queda circunscrito unicamente a eses contextos enclíticos ás formas non persoais dos verbos, nunca proclíticos.

4.2. Estremeñismos e leonesismos no verbo valego

4.2.1. Verbo *dir* [dil]

Clarinda Maia (1977) citaba o verbo *dir* entre os leonesismos do Ellas. O verbo *dir* (ir), cun *d-* protético, existe en asturleonés e tamén nalgunhas falas galegas fronteirizas co leonés como a de Porto, nas Portelas de Zamora, ademais de se rexistrar en todo o norte de Estremadura. Baz (1967: 62) logo de o documentar en alistano, xabrés e outras variedades leonesas, afirma que “esta prótesis de *D-* es vulgar en todas las regiones españolas”; xa que logo non debería ser un leonesismo en exclusiva, senón unha forma reforzada dun *d-* protético debido ao seu escaso corpo fonético existente tamén en castelán e (algunha fala do) galego. Posiblemente o *d-* protético sexa unha amálgama coa preposición *de*. En calquera caso, non é (exclusivo) leonesismo.

4.2.2. SNP *-orin* das P6 do PP da CI en mañego e lagarteiro

En troques, si é leonesismo característico e exclusivo o SNP *-orin* da P6 do PP da CI en mañego e lagarteiro²³: *levorin*, *cantorin*, *chegorin* que Baz (1967: 65) rexistra en Aliste e Llorente (1947:149) na fala da Ribera (1947:149) como *roboren*, *matoren*, *lavoren* ou Frías (2012) en Seabra como *falonen*, *calonen* e que xa Pidal anotara en falas leonesas a carón do SNP *-ón*, pois todas tres eran as solucións leonesas: eles/elas *cantón*, *cantonen* e *cantoren*.

4.2.3. SNP *-imus* das P4 do PP da CI en valverdeiro

Discútese se o SNP *-imus* (e non *-amus*) das P4 do perfecto da CI do valverdeiro *cantimus*, *levimus*, *cheguimus* é un leonesismo —pois Pidal (1906: 323 e ss.) rexistrara *cantemos*, *llevemos* no perfecto (PP) en leóns²⁴—, ou se é un vulgarismo importado do castelán. O valverdeiro distingue entre *cantamos* (PI) e *cantimus* (PP), e no castelán popular de moitas zonas da península existen vulgarismos na P4 dos PI como *semos*, *acabemos*, *cantemos*, etc., non na P4 do perfecto simple (PP). Máis ben podemos pensar que en valverdeiro sería posible que esta P4 do perfecto fose un eco analóxico da P1 do mesmo perfecto: *ei cant-i* → *nós cant-imus* (*ei cantu*, *nós cantamus* no presente), e así sobre as P1 do PP da CI *cheguí*, *estoxí*, *falí* sairían *cheguimus*, *estoximus*, *falimus*. Na nosa opinión, estaríamos perante unha evolución propia, non un castelanismo nin un estremeñismo leonesizante.

4.3. Suposta énclice pronominal de orixe leonesa

A sintaxe normalmente proclítica do pronome átono valego lembra de entrada a castelá ou á portuguesa do Brasil (*me chamu Dámasu i te chamu dispois*), non a asturleonés, a galega ou a portuguesa ibérica. Porén, sobrancea a colocación enclítica do pronome átono de CD *o(s)/a(s)* —e só este pronome— tras participio nos tempos verbais compostos co verbo *haber*: *as camas han feitas teis fillus hoxi*, *a botella ha gardaua antis na neveira*, *esis cabalus he pintaous ei mesmu esta miñán*, énclice que algún autor atribuíu a un resto da antiga sintaxe pronominal leonesa ou mesmo castelá antiga. E o máis sorprendente era que esta colocación aínda permanece enclítica cando a oración é negativa ou está afectada por algunha partícula das que obrigan á forza a unha colocación proclítica do pronome: *a botella non ha gardaua na neveira*, *as camas sempris han feitas teis fillus*, algo *a priori* impensable e practicamente imposible en galego, portugués europeo e asturleonés.

En galego-portugués medieval e nos galego e portugués medios non achamos exemplos desta énclice ao participio, que nós puxeramos en relación con casos semellantes rexistrados no galego moderno en perífrases con participio, énclices moi raras e infrecuentes en galego pero tamén existentes (Costas 2014) e por iso pensáramos nunha orixe común galega e valeda. Posteriormente, Castro Piñas (2016) e Flores Pérez (2018) fixéronnos ver que esta énclice pronominal ao participio tamén se rexistra en asturiano e no portugués estremeño de Ferreira de Alcântara, polo que este trazo sería xa que logo un occidentalismo e non un galeguismo ou leonesismo exclusivos, pois é unha énclice xurdida analoxicamente das perífrases²⁵ con infinitivo e xerundio:

Cadro 4. Extensión analóxica da énclice pronominal con formas verbais non persoais [elaboración propia].

INFINIT.	Estas coisas teñu que <i>pensalas</i> ben	Os cestus debe <i>ficelus</i> con palla
XERUN.	Estas coisas veñu <i>pensánduas</i> ben	Os cestus está <i>ficénduos</i> con palla
PARTIC.	Estas coisas he <i>pensauas</i> mui ben	Os cestus ha <i>feituos</i> con palla

²³ Non en valverdeiro, onde o SNP da P6 do PP da CI fai igual que en portugués: *cantaran*, *levaran*, *falaran* (*cantaron*, *levaron*, *falaron* en galego).

²⁴ No galego das Portelas de Zamora o ALGa rexistra a forma *cantèmos* tanto para a P4 do PI como para a P4 do PP.

²⁵ Lembremos que os tempos compostos con *haber* nacen no latín vulgar como construcións perifrásticas. Neste sentido, é moi recomendable volver sobre o traballo de Eduardo Moscoso Mato *Os tempos compostos no galego medieval*, publicado en 2001 como anexo da revista *Verba*.

5. Leonesismos e estremeñismos léxicos: fósiles ou empréstimos?

5.1. Sufixo -ina/-ino

Todos os autores que se ocuparon de estudar as diferentes falas asturleonesas coincidiron en sinalar o sufixo *-ina/-ino* (máis frecuente en León, Zamora, sur de Salamanca e Estremadura: *poquinu, misminu, andandinu, cerquina, andulina...*) e a aparición do iode na sílaba final dunha palabra como características típicas do leonés. Secasí, voces valedgas como *poiquinina, pequeninu, campanina* (úvula), *cochininu* (bácoro), *menino* ou *cochino* serían leonesismos²⁶, pois o sufixo que forma diminutivos ou afectivos en valego é o común das falas galegas e portuguesas: *-iña/-iñu < -INA(M)/-INU(M)* (*ceboliño, chocalliño, cantariña* (chicharra), *foiciña, xoaniña...*). O reducido inventario de palabras rematadas en *-ina/o* do valego son, sen dúbida, estremeñismos léxicos de orixe leonesa: *alambrina* (vinco), *nebrina*, etc.

5.2. Terminación con iode -cia/-cio

Así mesmo, a presenza do iode epentético na sílaba final *C+a/o*, considerouse desde sempre unha “marca de asturleonesidade”, e así *alabancia, palicia* (Iglesias 1982: 92, no Rebollar), *furnia, dondio* (Baz 1967: 31, en Aliste), *matancia, ericiu* (Cummings 1984: 50 en Coria), *jamancia, andanciu* (Marcos 2010, en Villamiel), aínda que tamén sexa normal no galego oriental, como sinala Fernández Rei (1990: 175): *cobicia, andacio, pacio*, etc., ou como tamén rexistra no portugués beirão Maia (1977: 152): *arrecádias, alfácia*. Nas falas do Ellas o normal é esa presenza de arrecendo leonés ou galego oriental do iode epentético: *grancia, lundria, niquicia, norcia, andaciu, palicia-palidia*. Secasí, poderíse considerar un ibero-occidentalismo por existir tamén en galego oriental: *forcia, pacio, andacio*, etc., porque, aínda que sexa característico do leonés, non é exclusivo desta lingua.

5.3. Algunhas voces leonesas

Nun inventario léxico de 6.000 voces das tres falas do val do Ellas (Román 2006) xa vimos máis arriba no punto 3.3.5 que só achamos sete palabras exclusivamente asturleonesas: *llaris* (gramalleira), *lludal* (levedar), *lludu* (levedado), *afallal* (achar), *uñil* (unir), *añusgal* (esganar) e *piteira* (croque), porque outras como *fölliga* (pegada) ou *solu* (chan) son mixtas galego-leonesas ao non presentaren ditongación; como mixtas castelás-leonesas serían *fembra* (cast. hembra) ou *fambrentu* (famento, cast. hambriento); todo isto ademais das voces castelás dialectais estremeñas xa vistas *jenu* (cast. heno) e *cortajenu* (gal. *escáncer*, cast. *lución*, palabra formada sobre *jenu*).

Nese rexistro mínimo de 6.000 voces valedgas, se desbotamos as voces comúns entre galego-portugués, asturleonés e castelán (*sol, mesa, cantar, brazo, nube, verde, comer, agua...*) e quedamos só co léxico diferencial valego, unicamente unha ducia son voces leonesas ou teñen parte leonesa, mentres que a maioría teñen forma galego-portuguesa, algunhas coincidentes só co portugués (*ciguñoti, molisna*), outras só co galego (*xoves, aninovo, bubela, artesa, bátega*), sorprenden bastantes arcaísmos (*mú, múa, migreira, esmorcelar, atró, soído*) e rexístrase un número perigosamente crecente de castelanismos adaptados fonética e morfoloxicamente. Mais por unha ducia de empréstimos do leonés non deberíamos magnificar a “leonesidade léxica” destas falas, senón máis ben nunha antiga e dialectal galego-portuguesidade diacrónica tinxida con algúns poucos leonesismos históricos e, na actualidade, con cada vez máis castelanismos recentes.

6. Ramo: a importancia da achega leonesa nas falas do val do río Ellas

Despois de cuestionarmos moitos dos fenómenos considerados “leonesismos”, quería feita unha recapitulación para vermos cantos son verdadeiramente leonesismos exclusivos, cantos fenómenos compartillados con outras linguas ou cantos evolucións propias.

Por ibero-occidentalismos entendemos fenómenos que poden ter lugar en áreas dos diasistemas galego-portugués e asturleonés sen seren exclusivos de ningunha destas linguas, como o vocalismo átono final, os ditongos decrecentes, a conservación das sibilantes sonoras, a desaparición do *-z*, a conservación de *-MB-*, o posesivo “de mei”, a énclise pronominal co participio e as formas rematadas en *-cio, -cia* tipo *palicia*.

Por pan-romanismo referímonos a un fenómeno que se deu ou dá, con maior ou menor vitalidade, en diferentes linguas romances, como a elisión do *-d-* ou a evolución de *-TR-* e *-DR-* en [ʝr]; ou en íbero-romances, como a prótese do *d-* no verbo *dir* ou a alternancia de *-l/-r* implosivos.

Por ibero-meridionalismo ou ibero-setentrionalismo queremos indicar que se trata de fenómenos que teñen lugar na maioría das zonas meridionais ou setentrionais dos distintos ibero-romances, por exemplo as monotongacións dos ditongos decrecentes, o betacismo ou o enxordecemento dos fonemas sibilantes sonoros. Hai outros fenómenos ata

²⁶ O portugués tamén ten voces rematadas en *-ina/-inu* que, de non seren cultismos, han ser castelanismos, cultismos ou, máis probablemente, leonesismos: *menina/o* (galego *meniño*), *torvelino* (coexistindo con *torvelinho*), *pavoncino* (pavón), etc.

agora considerados como exclusivos leonesismos que nós pensamos que teñen explicación por evolución interna — por reestruturación dos paradigmas, analogías, factores entoativos, etc.—, como a evolución do vocalismo tónico, as formas *su* e *tu*, e *lo(s)*, *la(s)*, en lagarteiro, ou a SNP das P4 dos PP da CI en *-imus* en valverdeiro.

E por último, efectivamente, hai unha serie de trazos que si constitúen leonesismos evidentes: a realización [x] en lugar de [ʃ] en valverdeiro en voces como *lon[x]i*, *[j]ovis*, *esto[x]ar*; a solución [-js-] do grupo latino *-sy-* en lagarteiro en voces como *queisu*, *cereisa*; ou o SNP das P6 dos PP da CI *-orin* en mañego e lagarteiro, *cantorin*. Ademais, hai unha serie de formas léxicas das que se discute se son restos leoneses antigos ou préstamos das falas leonesas veciñas que cinxiron o valego polo norte e polo leste ata hai un século. Son unha ducia de voces comúns como *afallal* (achar), *añusgal* (esganar), *fambrentu* (famento), *fembra* (femia), *fólliga* (pegada), *llaris* (gramalleira), *lludal* (levedar), *lludu* (lévedo, levedado), *pilleira* (morea), *piteira* (croque) e *uñil* (unir); e media ducia de voces fosilizadas co sufixo *-inu/-ina*: *campanina* (úvula), *cochininu* (bácoro), *cochinu* (porco), *meninu/a*, *pequeninu*, *poiquininu* (pouquiño); porén, o sufixo normal é o común a galego e portugués: *-iña/-iño* (*-ita/-ito* en mañego²⁷) e con el é co que se forman normalmente as palabras con matiz afectivo ou diminutivo en valego.

Comprobamos, xa que logo, como para o común dos filólogos portugueses o que non era portugués (re)coñecido considerouse “leonesismo” e, do mesmo xeito, para os filólogos españois todo o que non era castelán tamén era “leonesismo”. O leonesismo foi deste xeito un caixón de xastre onde foi parar todo fenómeno ou trazo que renxía ou disentía. Xa que logo, podemos concluír dicindo que a pegada leonesa ou postleonesa exclusiva nestas falas do Ellas foi sempre esaxerada ou magnificada polos diversos investigadores, xa que dos 24 fenómenos analizados que foran catalogados como achegas históricas do leonés a estas falas, só cinco destes 24 trazos considerados leoneses (un 16%) son leoneses e afectan a algunha das tres falas, mentres que os restantes fenómenos son na súa maioría occidentalismos comúns a galego-portugués e astur-leonés, formas panrománicas, meridionalismos pan-ibéricos ou evolucións propias do valego.



Secasí, con esta contribución agardamos desmitificar a sobrevaloración dos leonesismos lingüísticos e relativizalos nas futuras explicacións sobre características e tipoloxía das falas valverdeira, lagarteira e mañega, do valego ou falas de orixe galega do val do Ellas ou de Xálama.

Bibliografía

- ARIZA VIGUERA, Manuel (2008): *Estudios sobre el extremeño*. Cáceres: UEX.
- BABARRO GONZÁLEZ, Xoán (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- BAZ, José María (1967): *El habla de la tierra de Aliste*. Madrid: CSIC (*Revista de Filología Española*, Anejo LXXXII).
- BORGES, Julio António (2000): *Linguagem Popular do Concelho de Figueira de Castelo Rodrigo*. Castelo Rodrigo: Câmara Municipal.
- BUESCU, Maria Leonor Carvalhão (1984): *Monsanto. Etnografía e linguagem*. Lisboa: Presença.
- CARRASCO GONZÁLEZ, Juan María (1996): “Hablas y dialectos portugueses o galaico-portugueses en Extremadura. Parte I: Grupos dialectales. Clasificación de las hablas de Jálama”. *Anuario de Estudios Filológicos* 19, 135-148.

²⁷ O sufixo *-ita/-ito* non é ningún castelanismo, tamén existe en todo o portugués meridional. Pénsase antes ben nun mozarabismo ou iberorrománico meridional, pois cando o castelán medieval usaba maiormente como sufixos diminutivos *-iella/-iello* (< *-ÉLLA/-ÉLLŪ*) ou *-uela/-uelo* (< *-ÖLA/-ÖLŪ*) o(s) iberorromance(s) do sur empregaba(n) con normalidade *-ita/-ito* (< *-ÉLLA/-ÉLLŪ*). Resulta cando menos curioso que o topónimo histórico peninsular sufixado con *-ita/-ito* situado máis ao norte sexa *Mozarvitos* (ant. *Mozarabitos*), ao sur da provincia de Salamanca.

- CARRASCO GONZÁLEZ, Juan María (1997): “Hablas y dialectos portugueses o galaico-portugueses en Extremadura. Parte II y última: Otras hablas fronterizas. Conclusiones”. *Anuario de Estudios Filológicos* 20, 61-79.
- CARRASCO GONZÁLEZ, Juan María (2000): “Las hablas de Jálama entre los dialectos fronterizos extremeños”, in *Actas del I Congreso sobre A Fala*, Antonio Salvador Plans / María Dolores García Oliva / Juan M. Carrasco González (eds.), pp. 141-156. Mérida: Editora Regional de Extremadura.
- CARRASCO GONZÁLEZ, Juan María (2010): “Traços galegos e não galegos no dialecto fronteiriço de Xalma (manhego, lagarteiro e valverdeiro)”, in *A Língua Portuguesa: ultrapassar fronteiras, juntar culturas*, M^a João Marçalo / M^a Célia Lima-Hernandes (eds.), pp. 1-14. Évora: Universidade de Évora.
- CASTRO PIÑAS, Fortunato (2016): “Más noticias sobre el pronombre enclítico al participio en la lengua del valle del Jálama o Xálama”. *Limite* 10(1), 41-62.
- CATALÁN MENÉNDEZ-PIDAL, Diego (1956): “El asturiano occidental. Examen sincrónico y explicación diacrónica de sus fronteras fonológicas”. *Romance Philology* 10(2), 71-92.
- CINTRA, Luís F. Lindley (1959): *A linguagem dos foros de Castelo Rodrigo, seu confronto com a dos foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre. Contribuição para o estudo do leonês e do galego-português do séc. XIII*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos.
- CINTRA, Luís F. Lindley (1970): “Os ditongos decrescentes *ou* e *ei*: esquema de um estudo sincrónico e diacrónico”, in *Estudos de Dialectologia Portuguesa*, 1983. Lisboa: Sá da Costa.
- CINTRA, Luís F. Lindley (1974): “A linguagem dos foros e o galego-português de Xalma”, in *Estudos de Linguística Portuguesa e Românica* 1, Manuel de Paiva Boléo (ed.), pp. 508-537. Coimbra: Universidade.
- COSTAS GONZÁLEZ, Xosé-Henrique (2013): *O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Extremadura)*. Vigo: Xerais.
- COSTAS GONZÁLEZ, Xosé-Henrique (2014): “Um estranho caso de ênclise pronominal na fala do val do rio Elhas ou de Xalma”. *Limite* 8, 363-347.
- COSTAS GONZÁLEZ, Xosé-Henrique (2017): “Os actuais subsistemas de sibilantes nas falas do val do río Ellas ou de Xálama e as dificultades para a súa normativización conxunta”. *Limite* 11(2), 109-132.
- CUEVAS ALONSO, Miguel *et alii* (2005): “La entonación y el conxuntu de rasgos prosódicos na carauterización d’una llingua”. *Lletres Asturianas* 88, 7-21.
- CUEVAS ALONSO, Miguel / M.^a Jesús López Bobo (2012): “Traditional vs Castilian pattern in Cantabrian Spanish. Evidence of the northern Spanish intonation continuum”, in *Proceedings of the International Symposium on Limits and Areas of Dialectology (LimiAr)*. Lisbon, 2011, Xosé Afonso Álvarez Pérez / Ernestina Carrilho / Catarina Magro (eds.), p. 279. Lisboa: ULisboa.
- CUMMINGS, John G. (1984): *El habla de Coria y sus cercanías*. Londres: Tamesis Book.
- ESPINOSA, Aurelio M. (1935): *Arcaísmos dialectales: la conservación de S y Z sonoras en Cáceres y Salamanca*. Madrid: Centro de Estudios Históricos (*Revista de Filología Española*, Anejo 19).
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (2000): “As falas de Xálama e a súa relación coa lingua galega”, in *Actas del I Congreso sobre A Fala*, Antonio Salvador Plans / María Dolores García Oliva / Juan Carrasco González (eds.), pp. 109-140. Mérida: Editora Regional de Extremadura.
- FRÍAS CONDE, Xavier (2012): *El habla de Sanabria. Estudio diacrónico y sincrónico*. s. l.: Editorial Académica Española.
- FLORES PÉREZ, Tamara (2018): “Sintaxis pronominal de la Fala do val de Xálama: análisis y diferencias entre las tres variedades”, in *Ao encontro das Línguas Ibéricas*, Ana Rita Carrilho *et alii* (eds.), pp. 295-316. Covilhã: Universidade da Beira Interior.
- GARGALLO GIL, José Enrique (1999): *Las hablas de San Martín de Trevejo, Eljas y Valverde del Fresno. Trilogía de los tres lugares*. Mérida: Junta de Extremadura.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2000): “¿Se habla gallego en Extremadura?”, in *Actas del I Congreso sobre A Fala*, Antonio Salvador Plans / María Dolores García Oliva / Juan Carrasco González (eds.), pp. 51-74. Mérida: Editora Regional de Extremadura.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2007): “Gallego-portugués, iberorromance. La fala en su contexto románico peninsular”. *Limite* 1, 31-49.
- GONZÁLEZ SALGADO, José Antonio (2009a): “Diez problemas de dialectología extremeña”. *Revista de Estudios Extremeños* 65(1), 347-378.
- GONZÁLEZ SALGADO, José Antonio (2009b): “Las hablas de Jálama en el conjunto de la dialectología extremeña”. *Revista de Filología Románica* 26, 57-70.
- GRANDA GUTIÉRREZ, Germán de (1960a): “Las vocales finales del dialecto leonés”, in *Trabajos sobre el dominio románico leonés*, Álvaro Galmés de Fuentes / Diego Catalán (eds.), vol. II, pp. 27-117. Madrid: Gredos.
- GRANDA GUTIÉRREZ, Germán de (1960b): “Los diptongos decrecientes en el dominio románico leonés”, in *Trabajos sobre el dominio románico leonés*, Álvaro Galmés de Fuentes / Diego Catalán (eds.), vol. II, pp. 119-173. Madrid: Gredos.
- HOYOS PIÑAS, Juan Martín (2003): “La diversidad de hablas en el ámbito extremeño”. *Interlingüística* 14, 587-592.
- IGLESIAS OVEJERO, Ángel (1982): *El habla de El Rebollar. Descripción*. Salamanca: Diputación Provincial de Salamanca.
- LLORENTE MALDONADO DE GUEVARA, Antonio (1947): *Estudio sobre el habla de la Ribera (comarca salmantina ribereña del Duero)*. Salamanca: CSIC.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1977): *Os falares fronteiriços do concelho de Sabugal e da vizinha região de Xalma e Alamedilla*. Suplemento IV da *Revista de Filologia Portuguesa*. Coimbra.
- MAIA, Clarinda DE AZEVEDO (2007): “Os falares fronteiriços da região de Xalma”. *Linguística* 19, 133-151.
- MANSO FLORES, Ana Alicia (2016): “Aproximación sociolingüística al habla de Valverde del Fresno”, in *Nuevos enfoques en investigación lingüística*, Pablo Ruano San Segundo / Guadalupe Nieto Caballero / Elena Fernández de Molina Ortés (eds.), pp. 25-40. Cáceres: Universidad de Extremadura.
- MANSO FLORES, Ana Alicia (2020): *Análisis del léxico diferencial en el Val de Xálama (Cáceres)* [tese de doutoramento]. Facultad de Filosofía y Letras/Universidad de Extremadura.

- MARCOS GARCÍA, Germán (2010): *El habla de Villamiel-Trevejo*. Disponible en: <https://es.scribd.com/doc/36124718/El-habla-de-Villamiel-y-Trevejo-por-German-Marcos>
- MARTÍN GALINDO, José Luis (1993): “Apuntes socio-históricos y lingüísticos sobre A Fala do val de Xálima”. *Alcántara* 30, 123-147.
- MASA RODRÍGUEZ, Lucía / Gorka Elordieta (2017): “Aproximación a la entonación de *A fala*”. *Estudos de Lingüística Galega* 9, 87-110. DOI: <https://doi.org/10.15304/elg.9.3902>
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón (1906): “El dialecto leonés”. *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* X(2-3), 128-311.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón (1960): “Repoblación y tradición en la cuenca del Duero”, in *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, vol. I, pp. xxix-lvii. Madrid: CSIC.
- ONÍS, Federico de (1930): “Notas sobre el dialecto de San Martín de Trevejo”, in *Todd Memorial Volumes*, John Driscoll Fitzgerald (ed.), vol. II, pp. 63-70. New York: Columbia University Press.
- PIRES, Célio Rolinho (2004): *Por Terras de Aquém Cima-Coa. A Guarda. No Caminho do Estremo*. Viseu: edição do autor.
- RADATZ, Hans-Ingo (2006): “A fala de Xálima”, in *Iberia polyglotta. Zeitgenössische Gedichte und Kurzprosa in der Sprachen der Iberischen Halbinsel. Mit deutscher Übersetzung*, Hans-Ingo Radatz / Aina Torrent-Lenzen (eds.), 139-145. Titz: Axel Lentzen Verlag.
- RODRÍGUEZ CASTELLANO, Lorenzo (1952): *La variedad dialectal del Alto Aller*. Oviedo: CSIC.
- ROMÁN DOMÍNGUEZ, Arantxa (2006): *Contribución ao estudo do galego exterior: o léxico do galego do val do Ellas* [trabajo de DEA inédito]. Vigo: Universidade de Vigo.
- SALVADOR PLANS, Antonio (2002): “Unidad y variedad lingüística de Extremadura”, in *Congreso Lenguas y Educación*, pp. 13-24. Mérida: Junta de Extremadura.
- TEYSSIER, Paul (1982): *História da Língua Portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa.
- VASCONCELOS, José Leite de (1927): “Linguagem de San Martín de Trevejo (Cáceres-Hespanha)”. *Revista Lusitana* 26, 247-259.
- VASCONCELOS, José Leite de (1933): “Português dialectal na Região de Xalma (Hespanha)”. *Revista Lusitana* 31, 166-275.
- VIEJO FERNÁNDEZ, Xulio (2005): “El contacto de castellano y asturiano en Asturias”, in *Variedades lingüísticas y lenguas en contacto en el mundo de habla hispana*, Carmen Ferrero / Nilsa Lasso-von Lang (eds.), pp. 138-145. Bloomington: Author House.
- VIUDAS CAMARASA, Antonio (1982): “Un habla de transición: El dialecto de San Martín de Trevejo”. *Lletres Asturianas* 4, 55-71.
- WILLIAMS, Edwin B. (1975): *Do latim ao português*. Rio de Janeiro: Tempo brasileiro (3ª ed.).
- ZAMORA VICENTE, Alonso (1969): *Dialectología española*. Madrid: CSIC.